



FONDO SOLIDARIO. AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO. AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2022/2023

- **Normativa:** Orde do 29 de abril de 2022 (DOG 18/05/2022)
- **Prazo de presentación de solicitudes:**
 - 19 de maio ata 22 de xuño de 2022 (ambos incluídos)
- **Lugar de presentación:** Na secretaría do centro ou por vía electrónica empregando os formularios normalizados dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)
- **Requisitos:**
 - **Alumnado matriculado no curso 2022/2023 en:**
 - Fondo solidario: 3º ou 4º Ed. Primaria
 - Axudas libros: 1º ou 2º de Ed. Primaria
 - Axudas material: Todos os curso de Ed. Primaria
 - **Devolver os libros de texto que se lles prestaron polo programa de fondo de libros no curso 2021/22 (Proximamente recibirán información do procedemento para a devolución dos libros de texto). O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria non ten que devolver os libros de texto.**
- **Contía das axudas**
 - **Fondo solidario:** Pode solicitar a axuda todo o alumnado independentemente da renda pero os libros que hai no fondo solidario repartiranse atendendo á renda das familias. As familias teñen dereito a un mínimo de libros en función da súa renda:
 - Renda ata 6000 € dereito a 6 libros
 - Renda de 6000, 01 ata 10000 € dereito a 4 libros
 - **Axuda para adquisición de libros de texto**
 - Renda ata 6000 €: 210 €
 - Renda de 6000, 01 ata 10000 €: 140 €
 - **Axuda para adquisición de material escolar:**
 - Renda ata 6000 €: 50 €

Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.

Cálculo da renda familiar = (casilla 435+ casilla 460)/número de membros da unidade familiar (renda do exercicio fiscal 2020)*

*Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2020)

- Pais non separados legalmente ou titores
- Pais, non casados, que convivan
- Pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida
- Fillos menores de idade salvo os emancipados
- Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade
- Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2020
- Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior o 33% conta por dous membros (Tamén percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas)

▪ **Documentación a presentar:**

– Anexo I e II (a vosa disposición na web da Consellería de Educación, na secretaría do centro, na web do colexio, na aplicación Fondolibros e na sede electrónica da Xunta de Galicia)

– Copia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:

- No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor
 - Certificado de empadroamento da unidade familiar
 - Certificado do concello que acredite a situación familiar
- Certificado de discapacidade de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
- No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite

*Farase a consulta automática dos seguintes datos: dni ou nie, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados non autoricen a consulta automáticas deste datos terán que achegar a documentación correspondente.

* Familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude excepto se presentan a solicitude por vía electrónica que realizarán unha solicitude por cada fillo.

* As familias poden presentar a solicitude por vía electrónica empregando calquera dos mecanismos admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído a Chave 365.

Lugo, 18 de maio de 2022

O director



Carlos Vázquez Fernández
P.A: Ángel M. Peña Portomeñe